



*IES Virxe do Mar*

*Curso 2018/2019*

**TRATAMENTO INTEGRADO  
DAS LINGUAS**

**TIL**



## ÍNDICE

	PÁXINA
<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>MARCO LEGAL</b>	<b>4</b>
<b>OBXECTIVOS DE ESO</b>	<b>6</b>
<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>8</b>
<b>ELEMENTOS TRANSVERSAIS</b>	<b>10</b>
<b>ACORDOS NO IES VIRXE DO MAR</b>	<b>11</b>
• <b>Acordos sobre metodoloxía</b>	<b>11</b>
• <b>Acordos sobre terminoloxía</b>	<b>13</b>
• <b>Tratamento de contidos</b>	<b>17</b>
• <b>Pautas para a presentación de exames</b>	<b>19</b>
• <b>Pautas para a presentación de traballos</b>	<b>20</b>
• <b>Pautas para elaborar un traballo de investigación</b>	<b>22</b>
• <b>Rúbrica para a avaliación de textos expositivos escritos</b>	<b>27</b>
• <b>Rúbrica para avaliar textos argumentativos</b>	<b>28</b>
• <b>Rúbrica para avaliar exposicións orais</b>	<b>29</b>
<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL</b>	<b>30</b>
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>70</b>

## INTRODUCCIÓN

Na introdución aos currículos de linguas no Decreto 86/2015, nomeadamente afírmase: *A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.*

Promover procesos de ensino-aprendizaxe dende un enfoque multidisciplinario semella unha necesidade nunha sociedade que se move nun novo paradigma comunicativo e de transmisión da información, daquela, un novo paradigma tamén social e laboral. Esta rápida transformación esixe que os centros de ensino se adapten e modifiquen a súa metodoloxía para poder formar a cidadáns que terán que acomodarse a ese novo modelo. Compre que o ensino deixe de entenderse como unha suma xustaposta de saberes e facilite unha comprensión da realidade como é, diversa e complexa, rica e estimulante. Velaí o porqué do enfoque competencial, que entende que a adquisición das distintas competencias ha ser integrador. Sen dúbida, a lingua como instrumento natural de comunicación debe entenderse como a cerna que propicia o desenvolvemento dos demais saberes, a partir da lingua propia primeiro, e deseguida, coa achega do resto das linguas para que ese alumnado que hoxe aprende, conforme unha cidadanía responsable no futuro.

A competencia lingüística é, pois, unha responsabilidade de todos no sistema educativo, tanto das familias que fornecen desa educación non regrada de primordial importancia, como dos centros de ensino en todas as materias e ámbitos, en todos os espazos de aprendizaxe, dentro e fóra das aulas. Por iso a necesidade de facer un tratamento integrador da competencia lingüística no noso centro que apoie, en primeiro lugar, e consolide o uso da lingua galega entre un alumnado que vai deixando de falar a lingua propia e non acada a

mesma competencia ao rematar a etapa educativa con respecto ao castelán, e tamén que axude a desenvolver as outras linguas estranxeiras para dirixilos cara un mundo onde a arte, a ciencia, a saúde, o ocio, a vida se presentan plurilingües. Así: “A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo.”(Decreto 86/2015)

## MARCO LEGAL.

### ANEXO II DA ORDE ECD 65/2015

“Para un **proceso de ensino-aprendizaxe competencial** as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a **aprendizaxe por proxectos**, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes”.

### Decreto 86/2015 do 25 de xuño

#### UN CAMBIO METODOLÓXICO...

- ✓ O alumnado desenvolverá un traballo individual e colaborativo cunha **metodoloxía activa e participativa** a través de proxectos

interdisciplinares, aprendizaxe servizo (tarefas que ofrecen un servizo á comunidade), e antropoloxía sociocultural (tarefas adaptadas ao seu ámbito cultural e á realidade máis próxima ao alumnado).

- ✓ O profesorado traballará en equipo cun **enfoque multidisciplinar e comunicativo** baseado nas **competencias clave**. Para iso haberá máis coordinación.
- ✓ A **comprensión lectora, a expresión oral e escrita**, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación traballaranse en **todas as materias**.
- ✓ Haberá un **tempo de lectura** en todas as materias para promover a comprensión lectora.
- ✓ Integraranse as **TIC** como recurso metodolóxico no ensino-aprendizaxe.
- ✓ Diseñaranse **actividades integradas** que faciliten a aprendizaxe de varias competencias. Por iso impulsarase o **traballo por proxectos**, a metodoloxía recomendada, de maneira case prescritiva, pola normativa e a metodoloxía que se recomenda nos sistemas educativos da OCDE. Ademais será preciso empregar os recursos da **biblioteca escolar** que verá reforzada a súa función de eixo que promove a sinerxia de cambio.
- ✓ Impartirase de xeito **integrado** o **currículo** de todas as materias de linguas. No Proxecto Lingüístico do centro concretaranse as medidas a tomar que afectarán como mínimo a:
  - Acordos sobre **criterios metodolóxicos comúns**.
  - Acordos sobre a **terminoloxía** a empregar.
  - Acordos sobre o **tratamento dos contidos** para evitar a repetición.
  - Acordos para **evitar a repetición innecesaria** dos aspectos comúns á aprendizaxe en calquera lingua.
  - Acordos sobre **criterios de avaliación** e estándares de aprendizaxe que terán que ser **similares**.

## OBXECTIVOS DE ESO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de

relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### **Comunicación lingüística (CCL)**

- Comprensión oral.
- Expresión oral.
- Comprensión escrita.
- Expresión escrita e/ou ortográfica.
- Capacidade de síntese.
- Lectura.

### **Competencia dixital (CD)**

- Busca de información en diferentes fontes.
- Manexo e aplicación da información.
- Transmisión/aplicación da información.
- Análise crítica do emprego das novas tecnoloxías.

### **Aprender a aprender (CAA)**

- Hábito diario de traballo.
- Técnicas de traballo intelectual.
- Planificación e organización do traballo.
- Motivación e interese polo estudo.
- Demanda de axuda.
- Autocorrección: aceptar o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Autoavaliación e coavaliación dos compañeiros e compañeiras.



### **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

- Comprensión da súa realidade social.
- Interiorización de valores básicos.
- Respecto aos dereitos dos demais.
- Rexeitar prexuízos e calquera tipo de discriminación.
- Integración no grupo e no centro.
- Cumprimento das normas de convivencia.
- Autocontrol.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

- Autoestima e confianza en si mesmo.
- Tolerancia á frustración.
- Asunción de responsabilidades.
- Participación en clases.
- Estudo autónomo.
- Afán de superación.
- Saber traballar en equipo.
- Amosar iniciativa e creatividade.

### **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

- Coñecemento das expresións artísticas.
- Valoración da arte e da cultura.
- Técnicas de expresión artística.
- Creatividade.
- Respecto ao patrimonio cultural.

### **Matemática e Coñecemento Científico Tecnolóxico (CMCCT)**

- Saber ler un mapa e interpretar unha gráfica.
- Distinguir formas e volumes.

- Entender o que supón o coñecemento científico.
- Descubrir a tecnoloxía no ámbito do cotián.
- Operacións básicas.
- Razoamento lóxico.
- Resolución de problemas.
- Representacións gráficas.
- Aplicación práctica do aprendido.
- Visión espacial.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

**O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 4** di que se traballarán en todas as materias:

- A comprensión lectora e expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual e tecnoloxía da información e a comunicación.
- O emprendemento.
- A educación cívica e constitucional.
- Igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- Rexeitamento de contidos sexistas e da discriminación por razón de orientación sexual, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual
- Resolución pacífica de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo, xenofobia ou contra persoas con discapacidade.
- Respecto polos dereitos humanos, pola liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, a pluralidade e o Estado de dereito.

## ACORDOS NO IES VIRXE DO MAR

### ACORDOS SOBRE METODOLOXÍA

- Empregarase una **metodoloxía activa e participativa** que integre os distintos saberes e onde o papel do alumnado non sexa o dun mero receptor de contidos. Considerarase imprescindible, ademais do traballo individual, o traballo grupal colaborativo a través de **proxectos interdisciplinarios**.
- Fomentarase o **traballo colaborativo** con tarefas multidisciplinares que implique a coordinación de diferentes departamentos. Impulsarase o traballo por proxectos cun enfoque integrador que avalíe non só o produto final senón tamén o proceso nas súas diferentes fases. Isto facilitará á atención á diversidade.
- O **traballo por proxectos** supón saber investigar, polo tanto facer unha correcta busca, selección e tratamento da información. Para iso, tanto o Plan TIC/ITI do centro como a biblioteca escolar, os seus recursos e actividades, son de capital importancia.
- Recuperarase o labor da **Biblioteca escolar** como espazo aglutinador, punto de encontro e motor da metodoloxía por proxectos.
  - Farase a comezo de curso, en colaboración con Plan TIC, a formación de usuarios para 1º ESO.
  - Concretarase un Proxecto Lector coas achegas dos diferentes departamentos, coas lecturas recomendadas en todas as materias.
- Dedicarase un **tempo á lectura en todas as materias**. Unha sesión á semana nas materias de LCL e LGL en 1º de ESO e quince minutos á semana de lectura no resto de ESO, en todas as materias do currículo. Sería interesante, en ESO, impulsar *A hora de ler*, un tempo de lectura libre dous días á semana despois dalgún recreo dentro do Proxecto lector.

- Dentro do **Plan de Acción Titorial** aplicaranse actividades para mellorar a competencia lingüística do alumnado de ESO que atendan a aspectos como técnicas de subliñado, elaboración de esquemas e resumos ou toma de apuntes.
- Incorporaranse as **tecnoloxías da información e a comunicación**. Aproveitaranse as facilidades dos espazos colaborativos, as aulas virtuais ou blogs de aula. Deste xeito, o libro de texto tradicional, de usarse, será un material de apoio máis. Impulsarase o emprego de Classroom de forma progresiva. Ademais, hanse incluír tarefas que reforcen o uso das TIC nas distintas materias.
- Para facilitar a **coordinación do profesorado**.
  - Habilitaranse espazos virtuais para **compartir recursos** e impulsar o traballo interdisciplinario que se aloxarán na páxina web do centro.
  - Así mesmo, acórdase tratar e avaliar de forma coordinada as **distintas tipoloxías textuais**, en materias lingüísticas e non lingüísticas, para iso apórtanse rúbricas consensuadas de avaliación de textos expositivos orais e escritos, de textos argumentativos, (ANEXO 2) debates...
  - En todos os cursos propórase **un traballo de investigación e unha exposición oral planificada por trimestre**, (ANEXO 1) a principio do curso decidírase en que materias e avaliacións para evitar a sobrecarga de traballo no alumnado.
- Potenciarase o **emprego da lingua oral**, comprensión e expresión, en todas as materias a través de diferentes tarefas de avaliación. Potenciarase a participación de toda a comunidade educativa no fomento e emprego da lingua galega, sobre todo nos intercambios informais entre o alumnado e o profesorado, na relación coas familias así como nas actividades promovidas polo EDLG.
- Nas **materias lingüísticas** as **probos** xerais ou específicas contemplaranse as catro destrezas comunicativas. En cada trimestre avaliarase con actividades de expresión oral, actividades de

comprensión dun texto escrito e/ou audiovisual, actividades de expresión escrita, actividades de creación e actividades de reflexión, recoñecemento e aplicación gramatical. Ademais, haberá tarefas de autoavaliación e coavaliación.

- Nas materias de **linguas instrumentais** empregaranse similares **criterios de avaliación e cualificación**. Sempre se lle facilitarán ao alumnado os criterios para acadar avaliación positiva antes da corrección dos textos ou traballos.
- Nas aulas figurará a información coas **pautas acordadas** para a presentación de traballos de investigación ou exames.
- A perda de falantes en galego no noso centro, rexistrada polas enquisas realizadas polo EDLG, esixe unha reflexión e atención urxente que comprometa a toda a comunidade educativa. A principio de curso revisarase en que lingua se imparten as distintas materias, **incrementando o uso do galego** para asegurar a mesma competencia lingüística ao finalizar a etapa.

## ACORDOS SOBRE TERMINOLOXÍA

### Morfoloxía:

- As clases de palabras ou categorías gramaticais serán:
  - Substantivo
  - Adxectivo ( a secas, sen engadir "cualificativo"),
  - Verbo.
    - Os tempos verbais :
    - simples: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto simple, futuro imperfecto, condicional simple.

- compostos: pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito anterior.
- Formas non persoais: infinitivo simple e composto, xerundio simple e composto e participio.
- Voces: activa, pasiva (perifrástica e media)
- Adverbio ( adverbio relativo empregárase a partir de 4º ESO)
- Preposición
- Conxunción
- Interxección
- Pronome. Tipos: persoal, demostrativo, posesivo, numeral (cardinal, ordinal, partitivo, multiplicativo, dual), indefinido, interrogativo, exclamativo y relativo.
- Determinante. Tipos: artigos, demostrativos, posesivos, numerais (cardinal, ordinal, partitivo, multiplicativo, dual e distributivo), indefinido, interrogativo, exclamativo y relativo.

### **TERMOS NA ANÁLISE MORFOLÓXICA:**

- **MONEMA:** Morfemas gramaticais libres, morfema flexivos e derivativos e lexemas.
  - **LEXEMA O RAÍZ:** monema con significado léxico.
  - **MORFEMAS GRAMATICAIS LIBRES:** Determinantes, pronomes, preposicións e conxuncións.
  - **MORFEMA FLEXIVOS:** xénero, número e desinencias verbais.

- MORFEMAS DERIVATIVOS: Prefixos, sufixos e interfixos.
- RAÍCES CULTAS GRECOLATINAS: poden formar formas compostas cultas ou funcionar como prefixos ou sufixos.
- DERIVADAS REGRESIVAS: fórmanse a partir de verbos por eliminación de desinencias verbais (comprar>compra)

## Sintaxe:

### TERMOS EMPREGADOS NA ANÁLISE SINTÁCTICA.

- **Frase:** (Frase Nominal (FN), Frase Substantiva (FS), Frase Adxectiva (FAdx.), Frase Adverbial (F. Adver.).)
- **Oracións simples e compostas:**
  - Compostas: coordinadas e subordinadas.
    - Coordinadas: copulativa, disxuntiva, adversativa, disxuntiva, explicativa.
    - Subordinadas: substantivas, adxectivas, adverbiais propias (de tempo, de modo, de lugar) e adverbiais improprias ou bipolares (causal, consecutiva, concesiva, condicional, final, comparativa, adversativa).
- **Funcións sintácticas:** suxeito (SUX), suxeito elíptico, predicado (PRED.), complemento directo (CD), complemento indirecto (CI), suplemento (SUPL.) ou complemento de réxime (C. de RÉXIME), complemento axente (C.AX), complemento predicativo (CPVO), atributo (ATRIB).
- **Onde, cando e como:** adverbios relativos / conxunción.
  - Os adverbios relativos con antecedente: coinciden cos pronomes relativos en que:

-Habilitan a oración subordinada que introducen para realizar a función de modificador (oración subordinada adxectiva ou de relativo).

-Substitúen dentro dunha oración un elemento, o antecedente.

-Realizan unha función sintáctica primaria dentro da oración subordinada.

Aínda que coinciden pois cos outros pronomes relativos, estes sempre antecedente expreso nas cláusulas adxectivas.

- Os adverbios relativos sen antecedente.

Utilízanse nas oracións subordinadas substantivas e:

-Pódense empregar como exclamativos e interrogativos, tanto na súa forma directa como indirecta. Neste último uso o nexos continúa sendo un adverbio relativo, pero con valor interrogativo, polo que podemos clasificalo como **adverbio (relativo) interrogativo indirecto**. Desempeña función en la oración.

-Poden aparecer nunha cláusula subordinada substantiva sen ser interrogativo ou exclamativo. Nese o nexos terá unha función na cláusula e clasificarase como **adverbio relativo**.

- Conxuncións.



Cando, como e onde son conxuncións temporais, modais e locativas respectivamente se a oración subordinada (adverbial) en que se inclúen desempeña a función de CCT, CCM ou CCL (toda a oración). Nestes casos funcionan como **nexos** e clasifícanse como conxuncións (sen función específica na oración).

Poden aparecer tamén como parte de locucións conxuntivas ou con outros valores.

## TRATAMENTO DE CONTIDOS.

A **comezo de cada curso reunirse o equipo docente** para lembrar os compromisos relativos ao **tratamento** e **avaliación** da **competencia lingüística**:

1. Abordarase a **produción** e a **avaliación** de diversas **tipoloxías textuais** en tódalas materias de acordo aos criterios acordados.
2. Tomaranse decisións sobre o **reparto** de **contidos** nas materias lingüísticas e sobre **contidos TIC e ITI**.
3. Estableceranse os **proxectos** que se desenvolverán ao longo do curso nos diferentes niveis así como os departamentos que participarán en cada un deles. As unidades didácticas resultantes integraranse nas distintas programacións didácticas.

Para evitar a excesiva repetición de contidos e optimizar o aproveitamento do tempo, que se pode empregar para a lectura e a comprensión de textos, no curso 2018-2019 faise un **reparto dos contidos** nas linguas instrumentais (LG e LC) nos cursos impares da ESO (1º e 3º). Así, trataranse en común os seguintes contidos:

- A teoría de léxico e morfoloxía será impartida polo profesorado de Lingua Galega e Literatura e faranse prácticas en Lingua Castelá e Literatura.
- A sintaxe será explicada en Lingua Castelá e Literatura e en Lingua Galega e Literatura trataranse aqueles aspectos específicos que presentan algunha particularidade, por exemplo, colocación de pronomes de CD e CI.
- En 3º de ESO a literatura trabállase de forma coordinada a través do proxecto *Barroquízate* que fai un enfoque integral de todas as expresións artísticas da época (séculos XVI e XVII).
- En 3º de ESO os xéneros xornalísticos son explicados en Lingua Castelá e Literatura e en Lingua Galega e Literatura son reforzados oralmente, mentres que a publicidade e a comunicación dixital é tratada en Lingua Galega e Literatura.
- En 3º de ESO as linguas de España corresponden a Lingua Castelá e os prexuízos lingüísticos son explicados en Lingua Galega e Literatura.

## PAUTAS PARA A PRESENTACIÓNS DE EXAMES OU PROBAS ESCRITAS

- Debe empregarse exclusivamente bolígrafo azul ou negro: nin lapis nin *tipex*. No caso de erro sinalarase cunha paréntese e unha raia por riba. Exemplo: (~~erro~~)
- Salvo indicación en sentido contrario, as respostas aparecerán nos folios en branco, nunca na folla do exame.
- É conveniente deixar marxes laterais, superiores e inferiores, para facilitar a corrección.
- Débese coidar a orde, limpeza e claridade. Na medida do posible, evítanse as tachas. Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregase o mesmo mecanismo das notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (\*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (\*1/ \*2) para facilitar a corrección do exame.
- É obrigatorio sangrar os parágrafos e separalos con dobre espazo.
- Non se utilizarán padróns, agás en 1º ESO.
- Todas as páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome e apelidos do alumno/a.
- As incorreccións ortográficas ou gramaticais serán avaliadas en todas as materias.

## PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

- Entregaranse escritos unicamente a **bolígrafo azul ou negro**, nunca en lapis ou en calquera outra cor, sempre que se fagan a man. Nos traballos elaborados dixitalmente deberase empregar un tamaño de letra 18 para o título, 16 para o encabezamento de cada apartado e 12 para o corpo. O tipo de letra será *Arial* ou *Times New Roman*.
- Deberán deixarse **marxes**: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm). Ademais débese garantir a distancia adecuada entre as liñas e que estas estean aliñadas horizontalmente no folio. Os parágrafos deben estar sangrados.
- Nos traballos escritos a man, débese coidar a limpeza. Requírese que a letra sexa lexible.
- Estarán escritos por unha soa cara e os folios unidos con grampas ou outro sistema indicado.
- Na **portada** dos traballos ou no **encabezamento** doutro tipo de tarefas (unha descrición, unha argumentación, un comentario...) aparecerá a seguinte información: **Título, nome, curso e grupo do alumno/a, materia e avaliación** á que pertence o exercicio.
- Desenvolverán a estrutura do tipo de texto que se pida a través de distintos parágrafos:
  - Para un **texto expositivo**:
    - Introducción
    - Exposición (só información, sen opinión)
    - Conclusión
  - Para un **texto argumentativo**:
    - Presentación do tema e tese (hipótese ou dilema e

postura ante o mesmo)

- Argumentación (polo menos tres argumentos que sosteñan a opinión)
- Tese e conclusión.

(A tese pode situarse ao principio -estrutura dedutiva-, ao final -estrutura indutiva- ou encadrada -ao principio e ao fin

○ Para un **comentario**:

- Contextualización
- Desenvolvemento (análise do contido e da forma)
- Interpretación e/ou valoración.

- Os **prazos** indicados polo profesorado serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.

## PAUTAS PARA ELABORAR UN TRABAJO DE INVESTIGACIÓN

### 1. ANTES DE ESCRIBIR

#### 1.1. Elección do tema

Cal é o tema do meu traballo? Por que o escollín? Que información sei do tema?

Cal é o problema que vou formular, é dicir, que solución quero ofertar?

#### 1.2. Busca da información. Uso de diferentes fontes

**en soporte papel:** consulta na biblioteca do teu centro e noutras próximas (dicionarios, manuais, enciclopedias, introducións de libros, revistas de investigación...) medios de comunicación, experiencia persoal (entrevistas, traballo de campo) folletos informativos...

**en soporte dixital:** buscadores (Google, Yahoo, Big...) páxinas de prestixio avaladas por algunha institución (Cervantes Virtual, páxinas de universidades...) blogs de especialistas... asegúrate de que a información é fiable e se recoñeza a súa autoría. Ás veces a información falsa aparece repetida, compara as diferentes fontes.

#### 1.3. Planificación inicial

Escribe un esquema par organizar o traballo de investigación.

#### 1.4. Temporalización do traballo

Cando teño que entregar o traballo de investigación? É imprescindible saber a data de entrega do traballo para planificar a súa elaboración. Sempre poden xurdir imprevistos de última hora!!

## 2. COMPOSICIÓN ESCRITA

### 2.1. Composición do primeiro borrador

- Le as fontes de información e selecciona os datos de interese a través de notas, palabras clave, esquemas , diagramas...
- Fai un resumo do contido que consultaches e ordena as ideas. Filtra o máis relevante
- Anota as fontes de información das que extraes as ideas e datos
- Realiza un primeiro borrador do traballo de investigación: ten que ser un texto sinxelo, pouco elaborado

### 2.2 Composición do segundo borrador

Un traballo de investigación é un texto expositivo-explicativo. É necesario que responda á seguinte estrutura:

#### **1. introdución: fase de cuestionamento**

preséntase o tema que se vai tratar así como os datos ou cuestións que van ser obxecto de estudo.

#### **2.- desenvolvemento: fase explicativa**

trátase o tema do traballo de xeito pormenorizado. Nesta parte é conveniente empregar: definicións, clasificacións, comparacións, exemplificacións, citas... tamén se pode incluír outro tipos de texto como descrições.

#### **3.- Peche e conclusión: fase resolutive**

Ofrécese a conclusión final que ten que ser unha resposta á pregunta formulada na introdución. Destácanse os datos máis importantes do traballo para establecer a conclusión á que se chega

**Consellos de redacción:** non escribas secuencias moi longas, emprega distintos tipos de conectores, procura que cada parágrafo se corresponda cunha idea e fai sangría na primeira liña de cada parágrafo, é un texto obxectivo e debe estar escrito en terceira persoa, define os tecnicismos e os termos especializados, a información ten que ser clara e sen contradicións.

### 2.3.Composición final

tes que revisar os seguintes puntos relacionados coa presentación do traballo:

- Usa letra cursiva para os títulos de libros, películas, pezas de teatro, obras de arte; tamén para estranxeirismos ou expresións que queiras destacar.
- Emprega un tipo de letra clara e común por exemplo: *Times New Roman* e tamaño 12 ou 14 para epígrafes e títulos. Sen abusar podes destacar palabras en negra e subliñado.
- Deixa marxes suficientes para anotacións e encadernación, por exemplo, marxe de 2,5 cm. O interliñado convén que sexa de 1,5,
- O formato adoita ser A4, vertical e as páxinas deben estar numeradas,
- Podes citar fragmentos doutros autores a través de sangría a dereita e esquerda.
- As notas a pé numéricas (inserta nota ao pe no procesador) úsanse como aclaración ao contido ou para introducir referencias bibliográficas ás citas.
- Emprega o corrector ortográfico .

Antes de escribir o texto final, invita a algún compañeiro ou compañeira a ler a túa investigación. As suxestións do lector poden ser moi positivas para mellorar o teu traballo.

### 2.4.Entrega do traballo

- antes de imprimir, incorpora as propostas e as correccións necesarias
- a **presentación** terá a seguinte estrutura: unha portada sen numerar onde conste o título, o autor ou autores, o curso e a materia; un índice coa numeración de todos os epígrafes do traballo; o corpo do traballo e a bibliografía.
- ao incorporar a bibliografía emprega o **formato APA**; tes que introducir estes elementos na orde en que aparecen:

a- para citar un libro

autor, apelido e inicial ou iniciais do(s) nome(s); ano da publicación (entre parénteses) *título do traballo e subtítulo* se hai, separados por dous puntos (en cursiva); edición a partir da segunda edición, abreviase con (ed)( minúsculas e vai entre parénteses); lugar de publicación e editorial.



Exemplo:

Delibes M. (1998) *El hereje*. Barcelona:Destino

b. Para citar un capítulo

autor, apelido e inicial (es) do nome(es); ano de publicación (entre parénteses); título do capítulo. En Editor (Ed) do libro. *Título do libro* ( entre paréntese páxinas do capítulo (pp); lugar de publicación e editorial

c. para citar documentos electrónicos

responsable principal. *Título* (tipo de soporte) Edición. Lugar de publicación. Editor. Data de publicación. Data de actualización ou revisión (data de consulta) Disponibilidade e acceso.

Exemplo:

Museo Nacional de Arte Reina Sofía. Catálogo (en liña) da biblioteca (Consulta 20 de novembro de 2017) Disponible en: <http://museorreinasofia.mcu.es/biblio/default/htm>

### 3. PRESENTACIÓN ORAL DO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN. A EXPOSICIÓN ORAL

#### 3.1. A elaboración do discurso

- A partir do índice, elabora un guión para a exposición oral
- Selecciona os datos esenciais do traballo

No discurso oral **non podes** ofrecer tanta información como no texto escrito. Tes que captar e manter a atención do público, non podes aburrir con exceso de información

- Realiza un esquema do traballo de investigación

Escribe un texto expositivo claro e sinxelo no que presentes os datos principais do traballo de investigación. As ideas teñen que presentarse de



xeito ordenado e claro, ademais deben estar apoiadas nos exemplos e nas citas para demostrar a veracidade do traballo

### 3.2 Emprego de apoios visuais e materiais

- Podes facer unha presentación na que uses imaxes que ilustren e apoiem o que vas explicando
- Emprega moi pouco texto

### 3.3. Memorización do discurso

- Ensaia o discurso oral da túa exposición

Para ser un bo orador é imprescindible ensaiar o discurso, a práctica oral do texto axudarache a memorizar o contido. Tes que coidar a dicción e mirar a todo o auditorio cando realices a exposición oral. É conveniente ensaiar diante dun espello para observar e reflexionar sobre a postura correcta (todos os movementos e xestos transmiten información ao auditorio)

**RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TEXTOS EXPOSITIVOS ESCRITOS**

	<b>1</b>	<b>0,75</b>	<b>0,25</b>	<b>0</b>
<b>Claridade expositiva</b>	O texto resulta sinxelo, claro e ben ordenado. Explicanse con claridade os conceptos difíciles. Selecciónase a información relevante e expónse adecuadamente.	O texto resulta sinxelo, claro e ordenado. Explicanse con claridade os conceptos difíciles. Se seleccionan ideas pouco importantes e non se explican.	O texto é difícil de comprender. Non se explican as ideas ou conceptos difíciles. Selecciónanse demasiadas ideas, moitas delas, irrelevantes.	Texto incompreensible.
<b>Utilización de fontes</b>	Utiliza fontes bibliográficas e de internet, contrastando ideas de maneira crítica e analítica. Integra os coñecementos adquiridos. Ofrece unha visión propia e persoal. Pon as citas con comiñas e sinala sempre a referencia bibliográfica ou a páxina web en notas a pé de páxina.	Utiliza fontes bibliográficas e de internet, pero non as contrasta nin establece comparacións entre elas. Entrecomiña as citas e sinala a referencia bibliográfica ou a páxina web en notas a pé de páxina.	A utilización de fontes é escasa. Non se busca información suficiente. O texto límitase a unhas poucas ideas sen desenvolver. Non entrecomiña as citas, nin sinala a referencia bibliográfica ou a páxina web.	O texto é un plaxio deliberado.
<b>Riqueza expresiva</b>	Léxico moi variado e preciso. Estruturas sintácticas moi variadas. O texto lese de maneira fluída. A información e as ideas están ben organizadas. Uso adecuado de conectores discursivos entre ideas.	En xeral, o texto lese de maneira fluída. Hai algúns erros de pouca importancia na organización da información e no uso de conectores.	Léxico suficientemente variado preciso, aínda que haxa repeticións. Estruturas sinxelas pero ben resoltas.	As estruturas e o léxico son repetitivos e imprecisos. Falta coherencia. A información está desordenada. O uso de conectores é inapropiado.
<b>Estrutura básica</b>	Distínguense claramente as tres partes básicas do texto expositivo: introdución (presentando o tema), corpo (desenvolvemento do tema, úsanse técnicas como definicións, clasificacións, explicacións, descricións, comparacións e citas) e peche ou conclusión (faise unha síntese ou recapitulación das ideas principais).	Distínguense claramente as tres partes do texto expositivo: introdución, corpo e peche ou conclusión. Mais, empréganse poucas técnicas no desenvolvemento.	Identifícanse as tres partes do texto expositivo. Pero, o corpo da exposición non está ben elaborado, non se desenvolven as ideas nin os conceptos. O peche ou conclusión non ofrece unha síntese das ideas principais.	No se identifican las partes del texto expositivo.
<b>Contido</b>	O contido do texto axústase aos temas propostos. Demostra dominio do tema.	O contido do texto axústase aos temas propostos. Demostra un correcto entendemento do tema.	O contido do texto axústase aos temas propostos. Demostra entendemento dalgunhas partes do tema.	O contido do texto non se axusta aos temas propostos.
<b>Imaxes ou materiais</b>	Inclúese imaxes representativas acompañadas dunha breve explicación ou outros materiais ilustrativos.	Inclúe imaxes representativas, pero a explicación é demasiado extensa.	Inclúe imaxes representativas, pero non aparece ningunha explicación.	Non se inclúe ningún material para ilustrar.
<b>Ortografía, puntuación e presentación</b>	Presentación perfecta, non hai ningunha falta de ortografía. A utilización dos signos de puntuación é perfecta.	Presentación perfecta. Algunha falta de ortografía ocasional e de pouca importancia. Fallos ocasionais nos signos de puntuación.	Algún fallo de presentación en marxes, sangrados, interlineado. Máis de tres faltas de ortografía en todo o traballo. Máis de tres erros de puntuación en todo o traballo.	Presentación pésima: non respecta as marxes, os sangrados nin o interlineado. Máis de seis faltas de ortografía e de puntuación en todo o traballo.
<b>Portada e Índice</b>	O traballo inclúe a portada e nela aparecen os nomes dos membros do grupo, o curso, o título do traballo e o nome da materia. Nela aparece unha imaxe representativa do tema investigado. O traballo inclúe un índice no que se identifican los apartados nos que se divide o traballo.	O traballo inclúe a portada e nela aparecen os nomes dos membros do grupo, o curso, o título do traballo e o nome da materia, pero a imaxe é pouco representativa.  O traballo inclúe un índice.	O traballo inclúe a portada e nela aparecen os nomes dos membros do grupo, o curso, o título do traballo e o nome da materia, pero non ven acompañado de imaxe.  O índice non está ben elaborado. Faltan apartados.	O traballo non ten portada, nin ten índice.
<b>Bibliografía</b>	Inclúese bibliografía, tanto as referencias en papel como as dixitais. Aparecen ordenadas alfabeticamente.	Inclúese bibliografía, tanto as referencias en papel como as dixitais. Aparecen ordenadas alfabeticamente. pero non se presentan correctamente todas as páxinas web consultadas ou os libros.	Inclúese bibliografía, pero faltan referencias bibliográficas e páxinas web.	Non se inclúe bibliografía.
<b>Entrega do traballo</b>	O traballo entrégase antes do día establecido.	O traballo entrégase o día establecido.	O traballo entrégase o día seguinte ao establecido.	O traballo entrégase dous días despois ao establecido.

## ANEXO 2

### RÚBRICA PARA AVALIAR TEXTOS ARGUMENTATIVOS

	1	0,75	0,5	0
<b>PRESENTACIÓN</b>	Presentación excelente: marxes, espazos, separación en parágrafos, claridade e orde.	Presentación aceptable: falla nun ou dous deses aspectos.	A presentación non é boa. Falla en varios aspectos.	Mala presentación: non ten en conta ningún destes aspectos.
<b>DOCUMENTACIÓN DO TEMA</b>	Amosa un bo coñecemento sobre o tema. Documentouse: cita autores de referencia, algunha publicación, libros...	Amosa certo coñecemento sobre o tema. Cita algún medio de comunicación ou autor/a.	Interesante, pero non amosa coñecemento sobre o tema, nin cita.	A argumentación non ten interese, non amosa coñecer o tema.
<b>INTRODUCCIÓN</b>	Escrebe un parágrafo expositivo de presentación con información moi pertinente sobre o tema. Consegue chamar a atención con algún recurso.	Escrebe un parágrafo de presentación correcto, pero non introduce ningún recurso.	Parágrafo moi simple ou moi curto, e/ou introduce opinións e argumentos.	Non comeza cun parágrafo expositivo.
<b>TESE</b>	A tese identifícase con claridade e está ben redactada.	Escrebe a tese, pero é ambigua e non está ben redactada.	Non se identifica ben a tese do texto ou é confusa.	Non escribiu a tese.
<b>ARGUMENTOS</b>	Os argumentos son moi pertinentes para a tese que defende, están ben escritos e moi ben apoiados ou explicados.	Identifícanse claramente os argumentos, pero algún argumento non é sólido ou a súa redacción non é moi boa ou non están suficientemente explicados ou apoiados.	Os argumentos son simples e/ou non están apoiados e explicados.	Os argumentos son confusos ou no son pertinentes ou non están ben escritos e apoiados.
<b>CONTRAARGUMENTOS</b>	Escrebe algún contraargumento e deféndeo con solidez.	Escrebe contraargumentos, pero a súa defensa é feble.	Escrebe contraargumento, pero non o defende.	Non escribe contraargumento.
<b>CONCLUSIÓN</b>	Escrebe unha conclusión a modo de peche pero sen repetir a tese. É chamativa.	Escrebe unha conclusión simple.	Conclusión deficiente.	Non escribe conclusión ao texto argumentativo.
<b>COHESIÓN</b>	Utiliza conectores para introducir argumentos, contraargumentos, exemplificar, reformular ideas. Evita repeticións con elementos anafóricos e de substitución.	Utiliza algúns conectores. Detéctanse algunhas repeticións innecesarias.	Utiliza algún conector, pero non usa ben a puntuación nin os elementos de cohesión.	A cohesión do texto é mala (pouco uso ou inadecuado de elementos de cohesión).
<b>RECURSOS</b>	Utiliza algúns recursos propios dese tipo de textos (preguntas retóricas, exclamacións, apelación ao receptor...).	Uso de polo menos dous recursos dos anteriores.	Uso de algún recurso.	Non usa recursos.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	O texto non presenta faltas de ortografía.	O texto case non presenta faltas de ortografía e ningunha grave.	O texto ten faltas de ortografía.	Abundantes faltas ou algunha falta grave.

### ANEXO 3

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS				
	1	0,5	0,25	0
<b>Preparación previa</b>	Domina a materia. Apenas necesita consultar os folios.	Sabe a exposición de memoria, pero necesita consultar o papel algunha vez.	Nalgúns momentos prescinde de ler. Nótase que esas partes as leva preparadas.	Non é capaz apenas de expoñer sen ler.
<b>Contido: selección e organización das ideas</b>	As ideas seleccionadas son orixinais, inesperadas, concretas e cribles. Buscou e traballou a información. Ofrece unha visión propia e a xustifica.	O texto resulta interesante, pero as ideas non sempre están documentadas. Reelabórase a información, a visión persoal non está de todo desenvolvida.	O contido é correcto. Reelabora a información pero non ofrece ningunha aportación persoal.	Non se buscaron ideas suficientes. Non hai ideas variadas. Non se desenvolven as ideas. O discurso limitase a unhas poucas frases.
<b>Estrutura</b>	A estrutura resulta lóxica, ordeada e moi clara. Facilita o seguimento e a comprensión do discurso.	A exposición segue unha estrutura clara e ordeada.	Intúese unha estrutura na exposición pero non está o suficientemente subliñada ou non é clara.	Non existe unha estrutura na exposición.
<b>Introdución e conclusión</b>	<u>Introdución:</u> conecta co auditorio, demostra competencia científica, é distinta. <u>Conclusión:</u> repite a mensaxe, lembra o beneficio, chama á acción.	<u>Introdución:</u> conecta co auditorio pero no consegue distinguirse. <u>Conclusión:</u> repite a mensaxe, lembra o beneficio, pero non fai unha chamada á acción.	Correctas, claras e sinxelas, pero non se resolven con orde, sinxeleza nin claridade.	Non hai introdución nin conclusión ou falta unha delas.
<b>Desenvolvemento</b>	Desenvolve tódolos puntos da exposición cun contido relevante e axeitado. Axústase ao tipo de texto e formato requerido. Presenta as ideas de maneira que mantén a atención do auditorio.	En xeral, axústase ao tipo de texto e formato requerido. Desenvolve a maioría dos puntos, aínda que o contido é, ocasionalmente, pouco relevante. En xeral, consegue manter a atención do auditorio.	Non desenvolve suficientemente os puntos. O contido non é relevante. Non mantén a atención do auditorio.	Non desenvolve ideas. Non capta nin mantén a atención do auditorio.
<b>Riqueza expresiva</b>	Léxico variado e preciso, sen apenas repeticións. Estruturas moi variadas. Fai un uso axeitado de conectores discursivos entre ideas. Emprega un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación.	Léxico suficientemente variado e preciso, aínda que hai repeticións. Estruturas sinxelas pero ben resoltas. Pode haber erros que dificultan a comprensión.	As estruturas e o léxico son repetitivos, demasiado básicos para o nivel e pouco adecuados á situación comunicativa. Erros gramaticais que dificultan a comprensión. O uso de conectores é inapropiado ou inexistente.	Erros de expresión moi graves.
<b>Memorización</b>	Sabe saír adiante se se esquece de algo. Non se rende. Quere voltar expoñer outro día. Ten memorizados: a estrutura do discurso, as ideas principais e secundarias e os exemplos.	Sabe saír adiante se se esquece de algo. Non se rende. Ten memorizados: a estrutura do discurso, as ideas principais e as secundarias.	Sabe saír adiante se se esquece de algo. Non se rende. Ten memorizados: a estrutura do discurso, as ideas principais e a maioría das secundarias.	Non asume con naturalidade que pode olvidarse de algo. Réndese. Non quere repetir o discurso outro día. Non está disposto a seguir aprendendo e mellorando. Non sabe o discurso.
<b>Voz</b>	Volume adecuado. Vocaliza con claridade. Utiliza o ton e o ritmo, sempre de forma natural, para dar maior expresividade ao contido.	A vocalización e o volume son correctos e se lle entende. Ritmo e ton adecuados pero sen capacidade expresiva.	Volume adecuado. Nalgúns momentos consegue controlarse e pódese escoitar e entender.	Non se entende. Desatende ton, volume e ritmo.
<b>Linguaxe non verbal: postura corporal e contacto visual</b>	Mira a todo o auditorio. Mantén o lombo recto. Move de forma natural as mans e o corpo, de maneira que recalquen a súa mensaxe.	Mira a todo o auditorio. Mantén lo lombo recto. Non utiliza o corpo e as mans de forma expresiva, en ocasións resulta antinatural.	Algunhas veces ten boa postura corporal. Mira ocasionalmente o auditorio. Fai movementos raros co corpo e as mans.	Ten unha mala postura e non mira o auditorio.
<b>Recursos audiovisuais. Control do tempo</b>	Os recursos complementan á exposición: ilustran e informan. Controla o tempo perfectamente.	Os recursos cumpren unha función ilustrativa. Non distraen. Distribúese o tempo dispoñible.	Os recursos cumpren unha función decorativa, distraen. Percíbese unha certa distribución do tempo.	Non utiliza recursos audiovisuais. Non existe ningún control do tempo.

## APORTACIÓN PARA O TIL (PLAN DE ACCIÓN TITORIAL)

Material traducido e extraído de:

<https://espacioprofesores.blogspot.com/2017/10/tecnicas-de-trabajo-instrumental.html?m=1>

### SESIÓN DE TITORÍA – APRENDO A FACER UN RESUMO

#### Obxectivos.

- Afondar nas técnicas de traballo intelectual.
- Identificar a realización de resumos como unha das técnicas máis importantes á hora de estudar un tema ou lección.
- Considerar o resumo como unha técnica persoal, que se adecúa á forma de estudar de cada un.
- Afianzar os contidos aprendidos sobre os resumos.
- Comprobar na práctica as aprendizaxes obtidas.
- Comprobar as vantaxes dos resumos.

#### Xustificación.

- O resumo é unha boa técnica, pero non é a mellor. A diferenza do que ocorre co subliñado ou o esquema, presenta unha estrutura pouco intuitiva e pouco visual, polo que a didáctica moderna prefire o esquema, pois implica unha maior creatividade e actividade intelectual no alumno, ademais de ser un instrumento máis apto para a retención e asimilación de contidos.

#### Actividades.

1. **Motivación.** Da mesma forma que existen excelentes contadores de contos, tamén existen formidables contadores de películas. Estes son capaces de

resumirnos nuns minutos todo o que se pode ver na pantalla en hora e media ou dúas horas. Non só nos fan vivir a emoción ou a intriga do argumento, senón que con habilidade fannos coñecer o retrato do protagonista, a calidade da fotografía, os momentos de maior interese... A arte de saber resumir mantendo as ideas do orixinal tamén se aprende, pois esixe adestramento e dominio da linguaxe. Cando un estudante conta con ambos recursos consegue redactar sínteses e resumos que lle son de utilidade no seu estudo e na exposición dos seus coñecementos.

1. Explicar as nocións teóricas que aparecen no ANEXO I, referentes á realización de resumos.
2. Exemplo de resumo: Analizar como se efectuou o subliñado da lectura: “A linguaxe empregada, as funcións e os fins da linguaxe publicitaria” e como se realizou o resumo. (ANEXO II).
3. Como práctica para realizar resumos poden empregarse as lecturas (tres das cales viñan xa subliñadas) que se utilizaron en sesións de titoría anteriores, que eran:
  - A civilización exipcia.
  - A democracia na antiga Grecia.
  - Os fungos, desinfectantes naturais.
  - A célula.

## ANEXO I

### O RESUMO

#### 1. Que é un resumo?

- Resumir consiste en expresar de forma breve e o máis preciso posible as ideas esenciais do texto. Resumir non é como facer unha fotocopia en menor tamaño do texto que temos que estudar.
- O resumo require non só atopar a idea principal ou clave, senón que, ademais, esta se entenda, xa que con frecuencia, cando a expresamos por escrito, esixe unha tradución dos termos empregados polo autor do texto ao noso propio vocabulario. Cando este paso se fai correctamente significa que se comprendeu ben a idea expresada.

#### 1. Como se fai un resumo?

Sempre é conveniente basearse no subliñado, do mesmo xeito que facíamos cos esquemas. Temos que expresar as ideas importantes do texto con nosas propias palabras, e despois, debemos elixir a mellor orde para a exposición das ideas. Se imos basear o noso resumo no subliñado previo, queda novamente patente a gran importancia que ten a lectura correcta do texto. Cando efectuamos unha boa lectura e temos a suficiente riqueza de vocabulario, o normal é que entendamos o que estamos a ler, e así, a realización do subliñado non nos debe resultar demasiado difícil, e unha vez que temos o texto subliñado, a confección dos esquemas e resumos xa nos resulta tarefa fácil. Á hora de confeccionar o resumo, habemos de ter en conta as seguintes consideracións:



- Un resumo sempre debe ser persoal.
- Debe realizarse cun material que facilite o seu arquivo.
- É moi importante que para realizalo nos axudemos dos apuntes de clase.
- Debe ser breve. Nunca deberá ocupar máis do 25-30 % do total do texto.
- Debe ter unidade e sentido pleno.
- Non pode ser unha simple enumeración de ideas.
- Sempre debemos facer unha comprobación final, para cerciorarnos de que contén todas as ideas importantes.

### **3. Vantaxes da utilización do resumo.**

- Por medio del conséguese un estudo moi concentrado e activo.
- Motiva o proceso lector.
- Axuda a estruturar as ideas.
- Axuda a que empregues a túa propia linguaxe na súa confección.
- Favorece o proceso de síntese.
- Facilita o repaso, economizando tempo.
- Obriga a facer un esforzo de elaboración persoal.
- Obriga a mellorar a comprensión e expresión.
- Obriga a distinguir o fundamental do accesorio.

## REALIZACIÓN DUN RESUMO

**LECTURA:** “A linguaxe empregada, as funcións e os fins da mensaxe publicitaria”.

Vivimos nunha sociedade na que nos atopamos permanentemente rodeados pola publicidade. Tanto fabricantes como empresas de servizos, institucións e organismos públicos ou privados empregan carteis, vallas, prensa, radio, cine, televisión e cantos medios teñen ao seu alcance para facernos chegar as súas mensaxes publicitarias.

A través da publicidade pódese nos incitar á compra de determinados artigos ou a realizar accións encamiñadas ao consumo, ou ben pódese nos exhortar a que participemos nunhas eleccións ou a que conduzámos con prudencia para evitar accidentes. Trátase sempre de influír sobre o comportamento do receptor, razón pola cal predomina na linguaxe publicitaria a *función apelativa*.

A finalidade da publicidade é dobre: dun lado, preténdese informar ao receptor sobre algo, xeralmente sobre a existencia e características dun produto que se quere vender; doutro lado, preténdese impulsar ao receptor a que actúe no sentido que suxire a mensaxe publicitaria, normalmente a compra dese produto. Este último é o obxectivo que se considera prioritario.

A mensaxe publicitaria soe combinar o texto lingüístico cunhas imaxes ou cuns trazos gráficos que sirvan para chamar a atención. Loxicamente, nos casos no que a canle impide a transmisión de imaxes como é o caso da publicidade pola



radio, a mensaxe publicitaria redúcese ao texto lingüístico, ás veces reforzado por outros recursos fónicos.

Así pois, a canle elixida –prensa, radio, televisión...- condiciona tanto a forma como o contido da mensaxe publicitaria.

Algunhas características da linguaxe publicitaria son: orixinalidade, brevidade, suxerencia e innovación.

### **RESUMO EFECTUADO.**

- Atopámonos permanentemente rodeados pola publicidade. Por medio dela trátase sempre de influír sobre o comportamento das persoas (función apelativa). A publicidade persegue dúas funcións: 1) Informar a sociedade sobre algo, e 2) Impulsar a sociedade á compra dese produto. A mensaxe publicitaria adoita combinar o texto lingüístico con imaxes ou trazos gráficos co fin de chamar a atención. Con todo, a canle elixida condiciona tanto a forma como o contido da mensaxe. Características da linguaxe publicitaria: orixinalidade, brevidade, suxestión, innovación.

	<b>▪ SESIÓN DE TITORÍA : APRENDO A SUBLIÑAR</b>
--	---

### **Obxectivos.**

- ⇒ Afondar nas Técnicas de Traballo Intelectual.
- ⇒ Identificar o subliñado como unha das técnicas máis importantes á hora de estudar un tema ou lección.
- ⇒ Considerar o subliñado como unha técnica persoal, que se adecúa á forma de estudar de cada un.
- ⇒ Detectar os erros máis frecuentes no subliñado.
- ⇒ Afianzar os contidos aprendidos sobre o subliñado.

- ⇒ Comprobar na práctica as aprendizaxes obtidas.
- ⇒ Comprobar as vantaxes do subliñado.

### **Xustificación.**

Seguramente nos atopamos ante a técnica máis famosa entre os estudantes. Moitos deles, o primeiro que fan ao poñerse a estudar é coller un lapis e comezar a trazar raias debaixo dalgunhas palabras ou frases. Ao preguntarlles se saben subliñar, a resposta é Si!, e é certo, porque o termo subliñar estritamente significa **raiar debaixo**, e iso é o que soen facer os estudantes máis mozos. O que non é tan fácil é dominar o subliñado de maneira que resulte eficaz para o estudo e aprendizaxe. Subliñar non só significa marcar determinadas palabras ou frases; implica tamén a utilización dunha serie de estratexias gráficas que amplían moito o significado esencial de poñer raias debaixo.

O subliñado de textos é unha técnica básica de traballo intelectual, porque serve para analizar e comprender os contidos dun texto.

### **Actividades.**

1. **Motivación.** A maneira máis adecuada de mellorar a lectura de calquera texto é facéndoa **activa**. Ler non é só pasar a vista polas liñas escritas e tratar de recordar o que alí se di; iso está ben cando se trata dunha lectura recreativa e sinxela, pero non se hai que comprender un texto de estudo con un certo grao de dificultade. Unha lectura é activa cando **se involucran no acto de ler o máximo posible de facultades mentais**.

Na lectura activa, ó tempo que se lee, vanse respondendo preguntas sobre o texto *que?, quen?, onde?, cantos?* co cal se determinan as ideas principais e as secundarias, relaciónanse unhas ideas con outras e encádranse dentro do argumento central. Para realizar unha lectura activa non hai máis remedio, pois, que recorrer ao subliñado, aos esquemas e aos resumos.

2. Explicar as nocións teóricas que aparecen no **ANEXO I**, referentes ao subliñado de textos.
3. Exemplo de tres textos subliñados (**ANEXO II**). O profesor/a pode explicar brevemente por que se subliñan determinadas palabras e parágrafos e outros, pola contra, non se subliñan:
  - A civilización exipcia.
  - A democracia na antiga Grecia.
  - Os fungos, desinfectantes naturais.
4. Exercicio. Subliñar a lectura titulada “A CÉLULA”. **ANEXO IV**.

Unha vez subliñada, o profesor/a indicará como debe quedar o texto, podéndose facer unha posta en común para que os alumnos/as expoñan por que pensaron en subliñar determinados aspectos e non outros.

5. Pode dicirse aos alumnos/as que, a partir deste intre, todos os textos que teñan que estudar para a realización de calquera proba ou exame, deben de subliñalos (podedes facer fincapé na materia que esteades a dar como profesores), xa que isto facilitará enormemente tanto o estudo como a comprensión deses contidos

- **ANEXO I**

- **O SUBLIÑADO**

## **1. QUE É SUBLIÑAR?**

Subliñar é destacar, mediante un trazo, as partes esenciais dun texto escrito (frases e palabras clave). Ao resaltalas, centramos máis a atención nelas, co que aforramos esforzo e facemos máis proveitoso o traballo intelectual. A técnica do subliñado non substitúe ás chamadas anotacións marxinais, senón que as complementa. Moitas persoas pensan que ir subliñando un texto fai que a súa lectura sexa máis lenta, e, lóxicamente, é certo; pero a cambio obtense unha maior e mellor comprensión á vez que se está de forma activa ante a actividade.

## **2. VANTAXES DO SUBLIÑADO.**

- Durante a realización.
  - Motiva o proceso lector.
  - Centra a atención.
  - Desenvolve a capacidade de síntese.
  - Facilita o estudo.
  - Axuda á comprensión lectora.
  - Facilita a adquisición de vocabulario.
  - Axuda a discriminar as ideas máis importantes.
  - Axuda a concentrar os contidos.



- Favorece o desenvolvemento da capacidade de análise.
- Axuda a reter información, facilitando a memorización.
- Despois da realización.
  - Economiza o tempo de estudo.
  - Facilita os repasos posteriores.
  - Facilita a realización de esquemas e resumos.

### **3. TIPOS DE SUBLIÑADO.**

É moi importante recoñecer que o subliñado é unha técnica persoal, de forma que cada persoa pode ter o seu propio código para realizalo. Con todo, imos ofrecer algunhas ideas que che poden axudar a efectuar un subliñado máis eficaz. De maneira xeral, pódense utilizar tres tipos de subliñado:

#### **1. Subliñado lineal.**

Consiste en trazar distintas modalidades de liñas (rectas, dobres, descontinuas, onduladas... –por debaixo ou sobre as palabras-), recadros, frechas, corchetes, etc. destacando as ideas principais, as secundarias, os detalles de interese... Para iso poden utilizarse unha ou varias cores. Como código, pode empregarse o seguinte:

Emprego de recadros para sinalar as palabras clave
--

Emprego do subliñado simple para as ideas principais e secundarias.

Poden empregarse, ademais, todas aquelas marcas persoais que un queira pero que teñan como finalidade facilitar o estudo, non dificultalo e facelo engoroso.

2. **Subliñado estrutural.** Algúns textos veñen moi ben estruturados, sinalando o tema que tratan, os apartados que teñen, destacando en letra negra os diferentes puntos ou aspectos, etc. Pero outros moitos textos non teñen esta organización interna. O subliñado estrutural consiste en ir facendo anotacións á marxe do texto para darlle esa estrutura. Pode ser de dous tipos: anotacións e/ou numeracións. Adoita empregarse a marxe esquerda.
3. **Subliñado de realce.** Consiste en destacar as dúbidas, os aspectos para aclarar, os comentarios que nos suxiren, as preguntas que debo facer ao profesor/a, as palabras que debo buscar no dicionario... Para iso adoita empregarse a marxe dereita.

#### **4. COMO SUBLIÑAR UN TEXTO.**

1. Hai que fixarse no título da lectura, pois en ocasións indica sucintamente todo o contido do tema.
2. Realizar unha primeira lectura do tema para decatarse de que trata, que apartados ten, como se relaciona ese tema cos anteriores, etc.
3. Mirar os debuxos, fotografías ou esquemas. Non aparecen no texto como adorno, senón que serven para aclarar moitos aspectos do seu contido.
4. Facer unha segunda lectura pausada. Buscar e subliñar a idea principal do texto. Ollo: normalmente, cada parágrafo contén unha idea principal.
5. Subliñar de distinta forma as ideas secundarias e os detalles importantes.
6. Usar as marxes para anotar comentarios, dúbidas ou aclaracións que se necesiten para as ideas expresadas.



7. Comprobar que lendo só o subliñado atópaselle sentido ao texto, pregunta ou parágrafo sobre o que se está traballando.
8. Cando hai que subliñar parágrafos amplos, en lugar de facer unha liña debaixo de cada liña, é mellor utilizar liñas verticais ou un redondel grande que encerre todo o contido a subliñar.

## **5. CONSELLOS PARA UN BO SUBLIÑADO.**

- Nunca leas nin estudes un texto subliñado por outra persoa, xa que o subliñado é unha técnica moi persoal. Ler un libro subliñado por outro é ler polos seus ollos e entender pola súa mente.
- Nunca vaias comezar o subliñado cando esteas a efectuar a primeira lectura do texto.
- Non subliñes nada que non entendas. Utiliza o dicionario para pescudar o significado das palabras que non sabes e pregunta ao profesor/a aqueles conceptos que non entendeses.
- Cando leas o subliñado, debe ter significado en por si, aínda que non resulte gramaticalmente correcto.
- Non é mala idea utilizar varias cores para subliñar. Iso si, o emprego das cores debe facerse con sentido.

## Anexo II

### ▪ A CIVILIZACIÓN EXIPCIA

#### 1. O NILO, EIXO DUNHA CIVILIZACIÓN.

##### 1.1. Exipto, un don do Nilo.

Exipto, estado situado ao nordeste de África, é un país con escasas precipitacións anuais que sería un deserto sen o Nilo. Este río xigantesco percorre Exipto de Sur a Norte ata desembocar no Mediterráneo formando un gran delta. O val do Nilo é, pois, como un longo oasis de 1.000 quilómetros que atravesa o deserto. Na antigüidade, hai aproximadamente 3.000 anos, floreceu ao longo das súas beiras unha civilización plenamente histórica: a civilización exipcia.

##### 1.2. Como é o Nilo?

Como é este río histórico? As súas fontes e as dos seus afluentes atópanse nos cumes elevados do macizo abisino e da Meseta dos Lagos. Todos os anos, ao producirse o desxeo en xuño, o seu caudal aumenta enormemente. Normalmente é un río de augas claras. Un mes antes da crecida, debido ás achegas de augas dos seus afluentes, cóbrese de algas verdes. Máis tarde as augas adquiren unha cor vermella, polo arrastre de terras. Estas terras de arrastre permitiron o desenvolvemento da agricultura nas marxes do río. Nas súas beiras levantáronse todas as cidades (Menfis, Sais, Tell-o- Amarna, Tebas) e templos. É a gran vía de comunicación. Pero o equilibrio entre alimentos e poboación é precario. Unha crecida duns centímetros por encima do normal significa inundacións. Os exipcios

antigos realizaron notables obras de enxeñería para regularizalo, limparon o seu leito e construíron barreiras en determinados sitios.

## **2. O GOBERNO DOS FARAÓNS.**

### **2.1. O faraón. Un poder divino.**

O estado exipcio estaba gobernado por un monarca omnipotente: o faraón. Os exipcios considerábano un deus. Era o dono de todo: terras, homes, rabaños, mesmo máis aló da morte, as tumbas dos nobres tiñan que situarse preto do faraón para poder conservar os seus privilexios. O faraón dirixía os exércitos. Todos os cargos para gobernar o país, funcionarios, gobernadores, arquitectos, dependían del. Pero a inmensa maioría dos habitantes de Exipto eran campesiños que cultivaban as terras dos señores e levaban unha vida miserable. Coñecemos os nomes e fazañas dos faraóns máis importantes, por exemplo Akhenatón, reformador relixioso, Ramsés II e Thutmés III, grandes guerreiros.

### **2.2. Unha sociedade complexa.**

Esta sociedade gobernada polos faraóns posuía unha organización complicada. De aí a importancia dos funcionarios, entre os que destacaban os escribas, os cales estaban dotados da rara ciencia da escritura xeroglífica, cuxo aprendizaxe esixía longos anos. A figura solemne do Escriba sentado achéganos a unha sociedade altamente organizada, na que todo se anota e conta. Para aproveitar as augas do Nilo había que ter presente e medir moitas cousas: o nivel das crecidas, a dimensión dos campos cultivados, a selección dos cultivos e a proporción da semente.

SE COPIAS A CONTINUACIÓN SÓ OS TÍTULOS DAS PREGUNTAS E O TEXTO SUBLIÑADO, PODERÁS COMPROBAR QUE TEN BASTANTE SENTIDO. MEMORIZANDO SÓ O QUE SE SUBLIÑO, PODERÁS TER A IDEA XERAL DO TEXTO E OS ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES.

### ▪ A DEMOCRACIA NA GRECIA ANTIGA

Este sistema político –chamado pola gregos democracia- caracterízase pola igualdade política de todos os cidadáns, que tiñan dereito a participar no mesmo grao no goberno da polis. A soberanía política residía na Asemblea formada por todos os cidadáns (non eran cidadáns nin os estranxeiros nin as mulleres nin os escravos, aínda que residisen na polis). Esta Asemblea –na que todos tiñan voz e voto- aprobaba as leis, decidía se había que declarar a guerra ou se convíña asinar a paz, administraba xustiza e elixía aos maxistrados. O Consello –do que, por quenda, ían formando parte todos os cidadáns- era un órgano deliberante que discutía e preparaba os asuntos sobre os que a Asemblea tería que decidir máis tarde.

Os maxistrados –chamados en Atenas arcontes- eran elixidos por un período curto de tempo para ocuparse de asuntos concretos: o arconte basileus dirixía o culto aos deuses, o arconte polemenco ocupábase do exército, etc.

Esta breve análise do sistema democrático permite deducir unha consecuencia importante: o cidadán debía dedicar moito tempo á súa participación na vida política –sesións da Asemblea, reunións do Consello, actuación como arconte...- e, tendo en conta que non se cobraba pola

intervención nestas tarefas, compréndese que, na práctica, moitos cidadáns pobres non puidesen dedicarse a exercer os seus dereitos políticos.

#### ▪ OS FUNGOS, DESINFECTANTES NATURAIS

No reino vexetal existen uns membros condenados a ser sempre menores de idade, sempre parasitos, sempre dependentes dos demais, aparentemente inútiles: son os fungos. Con todo, estes seres –que constitúen un dos grupos máis extensos do reino vexetal- desempeñan unha función depuradora dos ecosistemas.

Todos os fungos establécense sobre a materia orgánica e viven dela, debido a que carecen de clorofila e non poden transformar en alimento as substancias que a terra e a auga ofrecen ás plantas. Por iso deben absorber os alimentos xa elaborados. Segundo a súa especie ofrecen utilidades diferentes.

Algúns fungos son comestibles, como as exquisitas trufas, os champiñóns ou os niscalos; con todo, outros –unha gran parte dos cogomelos- son venenosos, por exemplo a oronxa verde ou a falsa oronxa. Por este motivo, é preciso absterse de comelas, e aínda de totalas, cando non se ten a absoluta seguridade de que son boas.

Por último, hai uns poucos fungos que son medicinais, como o *Penicillium netatum*, atopado casualmente polo doutor Fleming, e o *Streptomyces griseus*, que, lonxe de ser prexudiciais, resultan beneficiosos, porque deles obtéñense a penicilina e a estreptomina, que combaten eficazmente gran cantidade de infeccións que antes resultaban invencibles. En consecuencia, todos os fungos renden un valioso servizo á natureza, tanto sexan comestibles, venenosos ou medicinais, sexan grandes como pratos ou tan diminutos que só poden ser observados ao microscopio. Son como

**laboriosos encargados da limpeza do mundo vexetal. Alí onde hai unha planta morta, un tronco ou un animal enterrado, acoden eles e dedícanse a consumir a materia orgánica en descomposición**

- **ANEXO III**

- **A CÉLULA**

### **O descubrimento da célula.**

No século XVII, Robert Hoocke logrou perfeccionar algúns instrumentos ópticos, entre eles o microscopio. Este aparello permitiulle observar cal era a estrutura dos seres vivos. Nun anaco de cortiza viu unha disposición en celiñas que el denominou células.

Actualmente existen microscopios moi potentes mediante os cales se puido estudar a estrutura e os elementos que integran as células.

Hoxe sabemos que todos os seres vivos están compostos por células, e que son as unidades básicas da vida. A célula é capaz de nutrirse, de reproducirse, e, en ocasións, de moverse; é dicir: é capaz de realizar as funcións propias dos seres vivos.

### **Estrutura da célula.**

A forma das células é moi distinta segundo se trate de células de animais ou de plantas e segundo a función que desempeñen dentro do ser vivo. Con todo, todas teñen tres partes fundamentais: membrana, citoplasma e núcleo.



A membrana celular separa o interior da célula do medio externo e ten como misión permitir ou impedir a entrada e saída de substancias.

O citoplasma contén gran cantidade de substancias e orgánulos; entre os orgánulos máis importantes están:

- As mitocondrias, en cuxo interior se producen reaccións químicas mediante as cales a célula obtén enerxía.
- Os ribosomas, nos que se fabrican as proteínas.
- As vacuolas, que son unhas bolsiñas que lle serven á célula para almacenar substancias.

O núcleo está separado do citoplasma mediante unha membrana: a membrana nuclear. A misión do núcleo é a de dirixir algunhas actividades da célula e controlar a división da mesma cando chega o momento da súa reprodución.

O tamaño das células é moi variable. Algunhas, como o microbio da pneumonía, miden a diezmilésima parte dun milímetro. Outras, como o Esténtor, miden de un a tres milímetros. Hainas que alcanzan o tamaño dunha laranxa, como a xema do ovo de avestruz.

### **Movementos das células.**

As células son capaces, ademais, de ter movementos propios. Nos seres unicelulares, estes movementos son orixinados por uns orgánulos especiais chamados cilios e flagelos, que se moven como os remos dunha embarcación. Noutros casos, como os glóbulos brancos do noso corpo, a membrana é moi flexible e poden emitir pseudópodos, é dicir, prolongacións do citoplasma que arrastran a toda a célula.

## SESIÓN DE TUTORÍA : AUMENTO A MIÑA COMPRENSIÓN LECTORA

### Obxectivos

- Valorar a importancia da lectura como aspecto condicionante fundamental do estudo.
- Valorar a importancia que ten o que exista unha harmonía entre a velocidade e a comprensión lectoras.
- Lograr que os alumnos/para coñezan o seu nivel de comprensión lectora e vexan en que situación se atopan con respecto a outros compañeiros.
- Promover a realización de exercicios de mellora da comprensión lectora, aplicando de maneira explícita os principios básicos da lectura e evitando os defectos máis frecuentes.
- Implicar os propios alumnos na realización dos exercicios de mellora e control persoal dos exercicios.

### Actividades.

1. **Motivación.** Podemos identificar a lectura como a **ferramenta** máis importante que ten o estudante á súa disposición. Esa ferramenta está constituída por dous elementos fundamentais: a velocidade e a comprensión. A velocidade é necesaria para converter a lectura nunha actividade dinámica e entretida (para algúns dos nosos alumnos/as supón unha verdadeira tortura). Pero esa velocidade non tería ningún sentido se non nos decatamos do que estamos a ler.
2. Explicación por parte do titor/a sobre determinados aspectos que son importantes en todo o relacionado coa comprensión na lectura de textos. Ver ANEXO I.
3. Proba de vocabulario. Instrucións que dará o titor/a:
  - “A continuación vou ler unha lista de palabras e tedes que contar todas aquelas cuxo significado non coñezades. Para iso, podedes escribir unha raia ou un punto no papel cada vez que escoitedes unha palabra da que non coñecedes o significado”.



- Realízase a lectura da lista de palabras, de forma clara e a un ritmo adecuado, repetindo cada unha **dúas veces**.
  - Interpretáanse os resultados en función da táboa que vén no anexo.
  - Expóñense en clase para ver o nivel medio da mesma.
  - A lista de palabras e a táboa de interpretación de resultados atópanse no ANEXO II.
4. Exercicios de xogos co dicionario:
- Distribúese a clase por parellas (ou grupos, en función da dispoñibilidade da aula) e díselles aos alumnos/ as: “Vou apuntarvos no encerado unha lista de palabras. Cada parella ou grupo tense que organizar para buscalas no dicionario o máis rapidamente posible e apuntar os significados. Gaña o grupo que antes realice a actividade.
  - Divídese a clase en parellas ou en grupos. Un compañeiro do grupo busca unha palabra que pense que o resto descoñece. Os seus compañeiros asignan un significado que pode encaixar coa palabra; se ninguén o acerta lese no dicionario a definición correcta. A continuación, outro da parella ou grupo busca unha palabra nova.
  - Un compañeiro do grupo ou parella busca no dicionario a definición dunha palabra que considere que os seus compañeiros descoñecen, e estes deben asignar á palabra a definición.
  - Este xogo pódese facer por parellas ou en solitario. Trátase de cronometrar canto tardamos en buscar unha palabra. Apúntanse os tempos e téntanse bater récords. Cando se fai por parellas, un busca no dicionario e o outro cronometra, e así alternativamente.
5. Exercicio de **anticipación**. Este exercicio consiste en completar as palabras que faltan nunha lectura (Ver ANEXO III), adiviñando o significado que ten esa palabra na frase polo contexto.
- As solucións a esta actividade son, na orde no que aparecen:

1. Adiviñar

2. Recadros

3. Ollos

4. Problemas

5. Profesor/a	6. Anticipación	13. Lanzar	14. Tempo
7. Momentos	8. Lectora	15. Balón	16. Tipo
9. Lectura	10. Frase	17. Fácil	18. Texto
11. Anticipación	12. Fútbol	19. Obrigado	20. Escrito

6. Exercicio de velocidade e lectura comprensiva. As instrucións que se lle darán aos alumnos/ as son as seguintes:

- Non comeceades a ler ata que eu o indique, e escoitade atentamente o que vos vou dicir.
- Lede con lectura silenciosa o texto titulado **“A vella dos nove chalecos” (ANEXO IV)**, o máis rápido que poidades, pero entendéndoo, pois ao pouco intre de lelo fareivos dez preguntas sobre o mesmo.
- Eu irei apuntando no encerado o tempo transcorrido desde o comezo en períodos de 10 en 10 segundos.
- Vós non debedes preocuparos de controlar o tempo. Cando acabades de ler, levantades a vista e apuntades na folla o último tempo que vexades: ese tempo é o voso.
- Unha vez apuntado, dades a volta á folla e esperades a que acaben todos.
- Despois, fanse as 10 preguntas para valorar a comprensión lectora. Estas son:
  1. Di dúas características da vella do conto.
  2. Que exemplo pon a autora para dar a entender que Doquia, a vella, era moi mala?.
  3. Cal era o problema máis importante da muller de Dragomir, o fillo da vella?.
  4. Explica cal foi o encargo que lle fixo a vella á muller do seu fillo.

5. Por que ía pesarosa a moza para lavar a la?.
6. Como demostrou a moza o seu respecto cara aos dous señores de pelo e barba brancos?.
7. Quen eran eses dous señores?.
8. Por que teñen especial agarimo os romaneses ás flores chamadas campaiñas?.
9. De que morreu a vella?
10. En que se converteu a vella segundo o conto?

## ANEXO I

### ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA NA COMPREENSIÓN DE TEXTOS

#### A lectura eficaz

Adóitase oír dicir que “hai que ler amodo para ler ben”, coma se ler amodo fose sinónimo de ler ben. Pero a realidade é moi distinta, porque se se adquire o hábito de ler con rapidez, tamén aumentará o nivel de comprensión. E isto sucede, entre outras razóns, porque, a maior velocidade lectora, a concentración faise máis intensa e, como consecuencia, aumenta tamén a comprensión. As razóns isto son as seguintes:

- O que importa é captar as ideas expresadas polas palabras, o seu contido. Coa lectura silenciosa, correndo a vista a gran velocidade polas liñas, a palabra é un estorbo.
- A lectura veloz permite captar, de forma global, o significado das frases como un todo. Pero cando lemos palabra por palabra (e non digamos cando o facemos sílaba por sílaba) a lectura é demasiado lenta e a percepción parcial do contido non nos proporciona unha idea exacta do mesmo.
- O significado de moitas palabras depende do contexto en que se atopen. Desa forma, o lector rápido obterá sempre maior nivel de comprensión que o lento.
- A práctica da lectura rápida incrementa a capacidade de comprensión e, en consecuencia, mellora considerablemente a dos contidos.

- Ler con rapidez permite agrupar as palabras en unidades lóxicas que facilitan e aumentan a comprensión do texto.

### As características do mal lector

2. **Vocabulario reducido:** Cando maior sexa o número de palabras cuxo significado se coñeza, maior será a capacidade para comprender e ler con rapidez. É imprescindible ampliar e enriquecer o vocabulario básico.
3. **Pouco hábito de lectura e vocalización infantil:** A práctica fai ao mestre, por tanto, a ler apréndese lendo. Se un o fai pouco ou case nada, non chegará nunca a ser un lector rápido nin adquirirá un bo nivel de comprensión.
4. **Excesivas fixacións nas liñas:** O número de fixacións que cada persoa necesita para ler unha liña depende da súa amplitude de campo visual. Canto máis amplo sexa este, menor é o número de fixacións e maior a velocidade lectora. Convén exercitarse, pois, en reducir o número de fixacións.

### Como efectuar unha lectura comprensiva?

- Para realizar unha adecuada lectura comprensiva debemos ter en conta que cada parágrafo xira ao redor dunha idea, a **idea principal**, polo que debemos centrar todo o interese en descubri-la. Pode ir ao comezo do parágrafo (lembramos que un parágrafo é a parte dun escrito comprendida entre dous puntos e á parte), pero tamén podemos atopala cara a metade do mesmo ou, mesmo, ao final.
- Tamén pode ocorrer que a **idea principal** estea **distribuída** en todo o parágrafo ou ao longo de varios parágrafos, de maneira que o lector teña que sacar coas súas propias palabras a idea principal.
- A **frase principal** é a máis imprescindible dentro do parágrafo; ademais expresa unha afirmación máis ampla que inclúe a todas as demais. Se se suprime, cambia a o sentido xeral do parágrafo. As frases

secundarias non son imprescindibles e adoitan repetir, detallar ou ilustrar os argumentos expresados na frase principal.

### Consellos para ampliar o teu vocabulario

- **Le moito.** É, sen dúbida, a mellor maneira de ampliar o vocabulario. Se les moito, amplíás o teu vocabulario, ao ampliar o teu vocabulario melloras a túa lectura, tanto en velocidade como en comprensión.
- **Consulta os dicionarios.** Cando leas, vai sinalando as palabras que non comprendes e segue lendo (non interrompas a lectura), porque a maioría das veces descubrirás o significado polo contexto. Cando termines o parágrafo ou o texto, convén que consultes no dicionario as palabras sinaladas. É conveniente que, despois de buscar as palabras, volvas ler novamente o texto.
- **Utiliza os novos termos aprendidos.** Para chegar á comprensión total e real dunha palabra é importante utilizala en varios contextos (sen caer na repetición excesiva nin na pedantería).
- **Domina afixos e raíces do latín e grego.** Moitas palabras do castelán proveñen do latín e do grego, por tanto pode axudarche moito a coñecer o significado de afixos (partículas que se empregan na formación de palabras derivadas e compostas) e raíces (parte irreductible da palabra que comparten todas as palabras dunha mesma familia) como hiper, micro, morfo... etc.
- **Utiliza fichas.** Se queres ser sistemático, escribe cada palabra que descoñezas nunha ficha, co vocábulo por unha banda e o significado polo outro. Arquiva as fichas por orde alfabética e bóttalles unha ollada de cando en vez.
- **Manexa sinónimos e antónimos.** Podes acudir aos dicionarios de sinónimos (expresións que teñen unha mesma ou moi parecida significación) e antónimos (palabras que expresan ideas opostas ou contrarias).



- **Resolve encrucillados, sopas de letras, autodefinidos...** Este é un bo exercicio. Ademais de entreterche, enriquecerás en gran medida o teu vocabulario.
- **Coñece as siglas máis habituais.** Cada vez proliferan máis. Se as coñeces, non verás freada a túa lectura a cada pouco. Exemplos: ONU, CEE, OTAN, URSS, EEUU, PSOE, PP, EU, PA, etc.

**ANEXO II**

**PROBA DE VOCABULARIO**

**LISTA DE PALABRAS. TOTAL: 60**

Agradecido	Petulancia	Esencia
Confiscar	Discriminación	Entelado
Artesanía	Célebre	Iracundo
Metafórico	Resumo	Tirano
Experimental	Algarabía	Fachada
Omnipresencia	Obtuso	Reticente
Encomiable	Entumecido	Abuso
Lírico	Presunción	Escándalo
Intrépido	Van	Advenedizo
Cortexar	Envexa	Ensimesmado
Parcial	Seducir	Deficiencia
Anómalo	Corpulento	Simbiose
Interminable	Languidecer	Abxecto
Concreto	Intransferible	Preconizar



Deducir	Oriúndo	Concesión
Denigrante	Previsión	Inconcebible
Tránsfugo	Prestamista	Eficacia
Intolerancia	Inviabile	Intruso
Potestade	Polifacético	Incursión
Obstinado	Mequetrefe	Empedernido

<b>PALABRAS DESCOÑECIDAS</b>	<b>INTERPRETACIÓN</b>
⇒ De <b>0</b> a <b>10</b> (16'6 %) <input type="checkbox"/>	<b>MOI BEN.</b> Alto nivel de vocabulario que che facilitará a túa velocidade e comprensión lectoras.
• De <b>11</b> a <b>15</b> (25 %) <input type="checkbox"/>	<b>BEN.</b> Bo nivel, aínda que podes mellorar.
⇒ De <b>15</b> a <b>22</b> (36'6 %) <input type="checkbox"/>	<b>REGULAR.</b> Debes mellorar o teu nivel se non queres que a túa velocidade e comprensión lectoras se resintan.
⇒ De <b>23</b> a máis <input type="checkbox"/>	<b>BAIXA.</b> É imprescindible que aumentes o teu vocabulario para mellorar a túa velocidade e comprensión lectoras.

### ANEXO III

## LECTURA DE ANTICIPACIÓN

Nesta actividade ti debes  que palabras deberían ir nos .

Seguramente che explicaron nalgunha ocasión que o teu cerebro vai por diante do que os teus  ven, polo tanto non debes ter para cubrilos, xa que escoitaches atentamente a explicación do teu .

As prácticas de lectura  como a  que estas facendo nestes son moi importantes para mellorar a túa comprensión , xa que che obriga a estar activo na  e demais é necesario que comprendas o sentido xeral da .

para poder anticiparte.

Estas prácticas de lectura  recordan aos porteiros de

, cando teñen que parar un penalti. Han de adiviñar por que  tirar o penalti e anticiparse, xa que se esperan demasiado non  a chegar ao .

Como podes comprender inventar exercicios deste  é moi fácil. Non obstante se che da pereza deseñalos, hai outra maneira máis que consiste en tapar con unha tarxeta a parte  as dun . Desta forma veste  a anticiparte ao que está .

## ANEXO IV

### LECTURA: “A VELLA DOS NOVE CHALECOS

Din que por estes contornos vivía unha vez unha vella chamada Dochia (Doquia), mala e fea, gruñona e áspera, pendenciera e quisquillosa, famosa ata en lugares moi afastados pola súa lingua velenosa e polo seu mal corazón. E din que tan chea estaba de ponzoña que se bebía nun río nun val, envelenábase a auga desde as súas fontes ata a entrada no mar.

Tiña a vella un fillo chamado Dragomir, que se casou cunha rapariga fermosa, boa, facendosa, traballadora e doce, que nin buscando con candil se atopaba outra como ela. Pero á vella arpía nada do que facía a súa nora lle parecía ben; continuamente a acusaba de fachendosa, respondona, vaga, torpe e preguiceira, e mandáballe os peores traballos.

Un día ocorréuselle á vella coller unha morea de la negra, chamar á súa nora e dicirlle:

- Mira esta la. Vala levar ao río e vala lavar ata volvela branca. E mentres non estea branca como a neve non se che ocorra pisar esta casa nin buscar o teu marido.

Colleu a pobre rapariga o motón de la e un anaco de xabón e foise ao río triste e cabizbaixa, abatida e pesarosa, pois de sobra sabía que ía traballar en balde e que a la non se volvería branca por moito que a lavase. De todos os xeitos cando chegou ao río arremangouse, axeonllouse e comezou a refregar con tanto afán que, a pesar de ser inverno, tiña que secarse a suor que lle corría pola cara. Pero a la parecía cada vez máis negra e relucente e a rapariga refregaba e choraba, choraba e refregaba.

Despois dun bo intre, pasaron por alí dous vellos de pelo completamente branco e barbas ata a cintura tamén do todo brancas. Levantouse ela para bicarlles a man, porque naqueles tempos honrábbase moito a todos os anciáns, e saudoulles con todo respecto e humildade. Aqueles vellos eran Deus e San Pedro, pero iso non o sabía ela.

- Dinos, filla –faloulle un-, que fas con esa la tan negra?
- E por que chorabas tan amargamente antes de achegarnos nós? – preguntoulle o outro-.
- Como non vou chorar? –dixo a pobre-. Teño unha sogra tan mala que hai que fuxir dela como da peste. Non sabe que facer para atormentarme nin que traballos imposibles buscar para min; e se non podo facelos di a Dragomir, o meu marido, que son vaga, torpe e preguiceira. E saloucando de novo, seguiu lavando e dicindo:
- Miren, miren vostedes o que se lle ocorreu agora: que lave esta la ata branqueala e que mentres non sexa como a neve, que non volva a casa...

Deus e San Pedro apiadáronse da rapariga. Bendiciulle o señor a la, que deseguido se volveu branca, e deulle ademais un feixe de campaiñas das neves para que llo levase á vella. A esta flor, graciosa e delicada, branca, moi levemente perfumada, téñenlle os romaneses moi especial agarimo. Despois dos crus e longos invernos que caen sobre o país, este encantador mensaxeiro da primavera, que saca de entre a neve a súa cabeciña verde e branca, simboliza a volta á vida, á calor, á luz, ao retorno da alegría, dos días longos, da riqueza, e é recibido con xúbilo e pregoado como boa nova.

Colleu a rapariga as flores e a la, volveu bicar con agradecemento a man dos dous anciáns e correu cara á súa casa. Pensaba ela que a súa sogra miraría a la e que a rifaría, dicindo que non estaba bastante branca, pero a vella en canto viu as flores, comezou a dar berros e saltos:

- Ai, que xa está aquí a primavera e eu aínda non fun ao monte coas cabras! Ai, que se me bota a primavera encima e as miñas cabras están aquí aínda!

E sen mirar nada máis e sen preocuparse doutra cousa, púxose os seus nove chalecos de pel, un encima doutro, sacou as cabras e levoullas ao monte. Mandou entón Deus uns días calorosos como de verán e logo mandou choiva e auganeve, que lle empaparon á vella o chaleco de encima. Quitouno ela porque pesaba moito e estaba calado, pero como non cesaba de chover, foinos quitando todos, un por un. E o día que se quitou o último, mandou o Señor unha xeadada tan grande que renxían e abríanse as rochas; a vella quedou convertida nun bloque de xeo coas súas cabras e todo. O xeo petrificouse e aínda hoxe o viaxeiro que percorre os Cárpatos pode ver a Dochia se sobe o monte, que desde entón, chámase Bábele (As Vellas).

## • SESIÓN DE TITORÍA: MELLORO A MIÑA VELOCIDADE LECTORA

### **Obxectivos.**

- Lograr que os alumnos/as coñezan a súa propia velocidade lectora e vexan en que situación se atopan con respecto a outros compañeiros.
- Promover a realización de exercicios de mellora da velocidade e comprensión lectoras, aplicando de maneira explícita os principios básicos da lectura e evitando os defectos máis frecuentes.
- Implicar os propios alumnos/as na realización dos exercicios de mellora e control persoal dos exercicios.

### **Xustificación.**

- A lectura e a escritura son as dúas ferramentas máis importantes que teñen os estudantes. Calquera bo profesional caracterízase pola precisión e limpeza con que utiliza as ferramentas propias do seu traballo. Os estudantes, por conseguinte, deberán utilizar a lectura e a escritura da maneira máis óptima posible, para así desenvolver convenientemente “o seu traballo”.
- Un bo lector só o será se, ademais de interpretar correctamente todos os signos que aparecen escritos, é capaz de alcanzar uns niveis adecuados de velocidade e comprensión lectoras.
- A velocidade e a comprensión lectoras só poden mellorarse facendo uso da práctica continuada. Canto máis se lea e se pregunte ou reflexione sobre a lectura, máis mellorarán a unha e a outra.
- É moi importante inculcar nos nosos alumnos/as a afección pola lectura, aínda que isto en ocasións se converte nunha tarefa moi difícil. Pero non por iso debemos desistir e deixarnos levar polo desánimo.

### **Actividades.**

1. Para ler ben non só é necesario ler moito. Existen diversas prácticas que realizadas sistematicamente, van axudar a mellorar a velocidade lectora.

Cando tentamos recoñecer a unha persoa, é máis sinxelo recoñecela se a miramos á cara que aos pés. O mesmo ocorre coas palabras. SE QUEREMOS RECOÑECERLAS FACILMENTE DEBEMOS FIXARNOS NA SÚA PARTE SUPERIOR.

- A parte superior das palabras ofrece maior información que a parte inferior. O titor/a escribirá no encerado con letra grande e clara distintas frases, tanto en maiúscula como en minúscula, e borrará parte delas tal e como se explica nesta sesión de titoría, para que os alumnos/ as comprendan que non é necesario mirar a palabra enteira para poder lela. Se se le fixándose unicamente na parte superior, gañarase en velocidade lectora.
- O titor/a dirá aos alumnos/as: ides coller un anaco de papel ou de cartolina e con ela taparedes a metade inferior das letras dun texto que vós mesmos elixades. Lede o texto desa forma. Este exercicio é conveniente que o realicedes tamén na vosa casa.

2. Un neno pequeno percibe sílabas nunha fixación da mirada; máis adiante percibirá palabras, e un bo lector pode abarcar frases enteiras. Isto é o que se pretende con este exercicio: AUMENTAR O CAMPO VISUAL para recoñecer o maior número de signos en cada fixación. O exercicio ven no ANEXO I.

3. Exercicio para realizar SALTOS DE OLLO. A súa finalidade é a de diminuír o tempo de fixación da mirada nas palabras. O exercicio atópase no ANEXO II.

4. Exercicio para DIMINUÍR O NÚMERO DE FIXACIÓNS POR LIÑA. Ver ANEXO III.

5. Exercicio de LECTURA DINÁMICA. Estes exercicios son diarios para mellorar a velocidade lectora. É aconsellable que o alumno/a os realice na súa casa.

- Lectura dun texto calquera tapando cun papel ou tarxeta a metade inferior das liñas.
  - Este exercicio durará uns cinco minutos.
- Lectura dunha columna de xornal, revista ou poesía. A máis estreita que se atope, marcando suavemente a lapis unha raia vertical no centro, ou dous... (co fin de sinalar os diferentes golpes de ollo).
  - Este exercicio durará uns cinco minutos.
- Lectura de tres páxinas dun texto calquera, seguindo esta orde:
  - A primeira como normalmente se le, á velocidade e comprensión ordinarias.
  - A segunda, o máis rápido posible, sen preocuparse demasiado se non se entende algo.
  - A terceira, á maior velocidade posible, pero entendendo o lido. Este exercicio durará uns dez minutos.



• ANEXO I

▪ EXERCICIO PARA AUMENTAR O CAMPO VISUAL

**Instrucións.**

⇒ Fixándose só no asterisco, tratar de identificar as letras os números.

⇒

\*  
Os teus  
\*  
ollos  
\*  
entrenas

a  
oso  
ratón  
hi \* mr

ti  
si  
olas  
man  
seta \* casa

\*  
¡escoita! se  
\*  
ti queres

\*  
non debes  
\*  
deixar de practicar  
\*  
se queres ampliar

2  
21  
908  
3775  
\*

37 \* 24  
532 \* 963  
8734 \* 7182

- ANEXO II

- EXERCICIO DE “SALTO DE OLLO” PARA AUMENTAR O RITMO DE LECTURA

Vas atopar unha serie de palabras colocadas en tres columnas. Terás que lelas facendo tres fixacións por liña. Isto axudarache a coller un ritmo na lectura. Avanzarás mediante saltos de ollo que che permitan ler as palabras de cada liña; regresa ao comezo do seguinte mediante un salto directo e rápido. Lembra que os movementos deben ser rítmicos. Cando xa teñas soltura neste tipo de exercicios, debes pasar a columnas que teñan palabras máis longas ou mesmo varias palabras.

Profano	Mérito	Entender
Querido	Cidade	Humana
Nome	Cantidade	Tempo
Historia	Poesía	Comida
Estilo	Animal	Excitante
Conxunto	Verán	Pobo
Libros	Relixión	Mulleres
Novelas	Adulto	Servizo
Páxina	Herba	Xuventude
Banquete	Alegría	Semana
Amigo	Londra	Intenso
Camiño	Emoción	Sempre
Xeral	Relación	Diñeiro
Traballo	Fatiga	Mañá
Posible	Desgusto	Presente
Enerxía	Urbana	Capital
Teatro	Especial	Natural
Pracer	Fasquío	Salvaxe
Droga	Tranquila	Antigo
Pranta	Conquista	Veciño
Visillo	Pestaña	Pixama
Cristal	Espadas	Envidia

- ANEXO III

- EXERCICIO PARA DISMINUIR O NÚMERO DE FIXACIÓNS

**INSTRUCIÓNS PARA REALIZAR ESTE EXERCICIO:**

Construirán unha tarxeta cadrada (cun folio, folla do caderno, cartolina...) que teña por lado o lado superior do cadro do texto. Dividirán cada un dos lados do cadrado en 6, 5, 4 e 3 marcas respectivamente. Cada unha desas marcas indica as fixacións que hai que facer en cada liña (se se coloca sobre o texto o lado con 5 raias, enténdese que haberá que facer cinco fixacións por liña).

Comezarán todos polo lado que ten 6 fixacións, que coincidirán coas marcas ao lado superior do cadro de texto. O propio texto contén as instrucións do exercicio.

Este tipo de exercicios é moi bo para practicar en casa coas lecturas que normalmente realicen os alumnos/ as.

Tes colocada a túa tarxeta, polo lado que ten **seis** sinais, sobre estas liñas, como se che explica abaixo. Os teus ollos deben facer seis fixacións en cada liña, exactamente nos lugares que che indican os sinais. Con seis fixacións por liña a túa lectura probablemente sexa lenta, e lembra que un dos obxectivos destas actividades é aumentar a nosa velocidade lectora, sendo unha das técnicas para aprender o diminuír o número de fixacións por liña. Por tanto, no próximo parágrafo vas colocar a tarxeta polo lado que ten **cinco** sinais.

Xa o fixeches? Pois a túa velocidade lectora está a aumentar, xa que fas unha fixación menos por liña e hai que ter en conta que as fixacións levan aproximadamente o 90 % do tempo empregado en ler; o resto empregámolo nos movementos dos ollos (os ollos cando están en movemento non poden recoñecer as letras).

É posible que aínda poidas diminuír o número de fixacións a catro. Inténtao neste parágrafo; para iso, constrúe tamén unha tarxeta que teña catro sinais. Non todos os lectores son capaces de ler con só catro fixacións. É posible que ti aínda non o poidas conseguir, pero con paciencia e adestramento non terás ningún problema para logralo. Se che custou moito esforzo ler con catro fixacións, non o tentes con tres. Se, pola contra, che resulta fácil, adiante e segue lendo!.

Tres fixacións por liña é unha boa meta, pero algúns aínda conseguen reduci-lo. Hai persoas que chegan ás mil palabras por minuto. Non quere dicir isto que debas marcarte metas tan altas. Pero lembra que unha boa lectura –comprensiva e con velocidade- dará eficacia ao teu estudo.

Agora proba coa tarxeta noutro texto e utiliza o lado co número de fixacións que che resulte máis cómodo, pero coa idea de reducir ese número nunha fixación.



## AVALIACIÓN

O Tratamento Integrado de Linguas (TIL) require a participación de toda a comunidade educativa na educación formal e non formal. O final de cada curso farase unha avaliación atendendo os seguintes aspectos:

1. **Valoración do curso:** obxectivos acadados ou non, fortalezas e feblezas e propostas de mellora.
2. **Valoración dos proxectos interdisciplinarios** a través de enquisas entre profesorado e alumnado participante. Reflexión do equipo docente que analice a consecución de obxectivos e incorpore os aspectos a mellorar.